
a muller de ferro

Xosé Neira Vilas



galaxia · narrativa

A MULLER DE FERRO

l i t e r a r i a

1ª edición, 1992
1ª edición dixital, 2010

© Xosé Neira Vilas, 2010

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2010
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-954-2

XOSÉ NEIRA VILAS

A MULLER DE FERRO

CONTOS

GALAXIA

A Emilia e Xesús Alonso Montero

A MULLER DE FERRO

Escurecera. Avantaba o camión, rosmando e arredándose das pozas. Os homes voltaban cansos da feira. Oural espertou de súpeto e púxose a escarramelar os ollos cara ó monte. Sorriu mentres observaba como fuxían para atrás os piñeiros. "É unha ilusión", pensou. Logo dixo:

—Vouvos falar da muller de ferro.

Os compañeiros achegáronse a el para escoitar mellor.

—A muller de ferro —comezou dicindo Oural— tiña nado coma calquera outra. Veu ó mundo cando se precisaba, como leva acontecido con moitas cousas máis. Era lixeira e relucente. Por iso todos comenzaron a facerlle as beiras. Todos lle chiscaban o ollo. Andaba decote dun lado para o outro. Falaban os homes de diferentes linguas e países. Colleu sona en pouco tempo.

Moitos namoráronse apaixonadamente da muller de ferro. E seguíana por tódolos camiños. Certos seguidores ciumentos pelexaron por ela. E ata houbo mortes. Foron quedando algúns cadáveres guindados nas rodeiras.

Co tempo medrou máis e máis a sona da muller de ferro. Andaba en libros e xornais. E nas linguas entolecidas da xente. De tanto que se falaba, moitos homes abriron pozos e fenderon penedas para chegar a ela, pois podía atoparse no

lugar menos pensado. Tamén se arriscaron por montes e desertos, pasando fame e loitando cos animais máis feros. E foron dun país a outro vogando sobre mares inmensos.

Ela deixábase namorar, deixaba que a seguisen. Alentaba ós aventureiros, e pouco a pouco foise poñendo da banda deles. Deulles poder e títulos e fachenda. Iso foi o que a definiu diante do mundo.

—Quero chegar á muller de ferro.

—Tamén eu.

—É fría e dura, polo metal de que está feita, pero cómo reloce e atrae... Malia que ande de ganchete con canto aduaneiro atopa.

Así falaban algúns homes. Os máis sinceros, que en veces tamén se facían trampulladas entre si. Outros manobraban calados. Xemían para dentro mentres avantaban de noite por tódalas corredoiras, para chegar diante dos demais á beira dela. Ninguén tiña feito antes esforzos de tal volume. Empurrábaos a imaxe daquela femia.

Mentres era pequecha e estaba na súa casa, a muller de ferro non danou a ninguén. Todo foi cando se botou fóra; cando saíu a tripar camiños. Luxaba o chan por onde ía e tódalas cousas onde pousaba a ollada. Abriu portas que antes eran sagras. Malvou a conducta da xente. Todos se anegaban rastreiros diante dela. Adonouse de cantos bens quixo, armando liortas e guerras.

Tiña acadado tanta sona e tanto poder, que a súa presencia gobernaba o mundo, ou cando menos un anaco del.

Algúns homes, que por andar con ela en rolda colleran forza e prestixio, argallaron estrucias para asoballar ós demais. Unha delas foi engaiolar á muller de ferro e poñela nun templo moi grande e ricaz para que fose venerada alí por todos. Un templo relucente, de mármore por dentro e por fóra, máis rumboso cás vellas catedrais. Nel entraba humilde xente para ver á muller de ferro que rebulía detrás dun reixado.

Aquilo foi apeorando. Os pleitos e as guerras eran cada día máis arrumbo. Un andacio perigoso tiña afervoada á xente. Medrou a envexa. E o receo. Todo era engano e falsidade. Cadaquén procuraba turrar para si, anque os demais adoecesen. Cada home tiña dúas faces, que todos levaban postas cando saían da casa. Dous rostros tiña tamén o mundo. Un, o da xente que agardaba entre o mármore á muller de ferro; e outro, o dos que langreaban ollando cada vez dende máis lonxe aquelas paredes e reixados fachendosos.

Non había maneira de que os dous bandos se aproximasen. Máis ben se arredaban. Arredábaos a muller de ferro. Ela era a que acariñaba a uns e fuxía dos outros.

Unha mañá xurdiu, non se sabe como, aquel rebumbio. Era o bando dos deixados. Con cadansúa picaraña bouraban no templo de mármore. Teimaban derrubalo. A muller de ferro sentiuse abraiada por primeira vez. E con ela tódolos que a coidaban. Colleran medo. Unha porta dourada, inmensa, caeu con grande estroncio. E foi niso que espertei...

¡Soña un cada cousa!

O camión seguía furando na noite. Tiña sido unha boa feira. Boa para eles. Para os homes que cavilaban no escuro. Oural calara. Apreixou contra si a certeira arrombada, engruñouse derriba dos sacos e voltou a durmir.